setembro outubro | 2016 |

CGAI CENTRO GALEGO DE ARTES DA IMAXE
FILMOTECA DE GALICIA

- Premios Mestre Mateo 2016
- Martín Rejtman
- Contextos: El hijo de Saúl
- Curtocircuito: Sergei Loznitsa
- All my life: O cine de Bruce Baillie
- De portería a portería: Fútbol e cinema desde Galicia e A Coruña
- Fkm 2016
- Desencadres
- Fóra de Serie: Estréas
- Off Galicia
- CGAI Júnior

XUNTA DE GALICIA

A programación do CGAI-Filmoteca de Galicia ponse en marcha coa recuperación de varias estreas dos últimos meses, desde *Todos queremos algo*, a comedia xuvenil de Richard Linklater, á triloxía de Miguel Gomes, *Las mil y una noches*, unha ficción sobre os efectos da crise en Portugal. Aproveitando a súa estrea, volverase proxectar outrosí *La venganza de una mujer*, de Rita Azevedo Gomes, á vez que se recupera unha das películas anteriores desta gran cineasta portuguesa, *Frágil como o mundo* (2002). Un dos filmes máis premiados da última tempada, *El hijo de Saúl*, proxectarase en 35 mm e contextualizarase con outros filmes que acometen o sempre polémico tema da representación do exterminio: *El nome de los árboles* (sobre a volta aos lugares da memoria) e *La imagen perdida* (precisamente sobre como representar aquilo do que non existen referentes iconográficos). Nemes aborda no *El hijo de Saúl* a representación de Auschwitz dun xeito, cando menos, pouco habitual, motivo polo que recibiu os parabéns do mesmo Claude Lanzmann.

Organizadas en colaboración coa Academia Galega do Audiovisual, tres sesións estarán consagradas aos Premios Mestre Mateo 2016, en que se poderán ver (ou volver ver) as obras gañadoras nas categorías de longametraxe (*El desconocido*), curtametraxe (*Eco*), curtametraxe de animación (*O terceiro porco*), videoclip (*Buscando a Superfama*) e documental (*Os días afogados*).

A colaboración cos festivais galegos prosegue coas sesións de Curtocircuíto dedicadas á obra documental do cineasta ucraíno Sergei Loznitsa e ademais coa acollida de boa parte da nova edición de FKM, o festival coruñés dirixido ao cine fantástico. Do mesmo modo, en participación coa Fundación Wenceslao Fernández Flórez e en paralelo á celebración do congreso internacional "O home que quixo crear. Literatura, xornalismo e cinema na obra de Wenceslao Fernández Flórez", o CGAI pasará o miniciclo "De portería a portería: fútbol e cinema desde Galicia e A Coruña" onde se recuperan dous clásicos do cine español de tema futbolístico, ao tempo que se celebra un coloquio en que xornalistas, historiadores cinematográficos e personalidades vinculadas ao mundo do fútbol han debater arredor dunha recompilación de imaxes do Real Club Deportivo da Coruña desde os anos trinta ata a actualidade.

Alén dos ciclos sobre o cineasta arxentino Martin Rejtman e o americano Bruce Baillie, a programación destes meses redondéase coas seccións habituais Off Galicia, CGAI Jr. e Desencadres. Como xa vén sendo clásico, esta última estará de novo centrada na obra de Stan Brakhage (de quen se programa tamén un diálogo con Bruce Baillie), en concreto nas súas primeiras películas, todas elas sonoras, algo non moi común na súa filmografía e que será o eixo sobre o que xiren as sesións dos meses vindeiros a el dedicadas.

Agradecimentos: Academia Galega do Audiovisual, Lois Blanco, Andrés Rozados, Celia Parra, Alberte Pagán, Numax Distribución, Rita Azevedo Gomes, Sara Moreira/Cinemateca Portuguesa, Fernando Jorge Santos/Nos Lusomundo Audiovisuais, Pela del Álamo/Curtocircuito, Rubén Ventureira, José Luis Castro de Paz, Fundación Wenceslao Fernández Flórez, FKM 2016.

MARTIN REJTMAN

En colaboración con: Tabakalera (San Sebastián).

"A recensión biográfica de Martín Rejtman (Bos Aires, 1961) resulta elocuente á hora de tratar de comprendermos a personalidade da súa obra. Os seus estudos de cine na New York University e mais o seu traballo como asistente de montaxe nos estudios Cinecittá son un trazo decisivo para caracterizarmos a súa calidade de estranxeiro e precursor dentro da renovación do cine arxentino a partir dos 90. As ideas de Rejtman eran realmente foráneas no contexto da produción do primeiro lustro da década dos 90, marcada por un cine sobre o pasado histórico máis ben arredado con guións circunscritos ás influencias ou adaptacións literarias máis ou menos consagradas, o que configura un cine qualité case calcado do que François Truffaut describe no seu afamado ataque en *Cahiers du cinéma* a certa tendencia dos filmes na Francia dos primeiros 50. Como veu acontecer nalgúns casos da renovación cinematográfica arxentina da xeración dos 60, Rejtman desmarcouse da tradición de directores educados na industria local, para aprender novos parámetros en escolas ou noutras industrias que lle serviron para expresar con maior liberdade e menos vicios vernáculos a súa sensibilidade cinematográfica. Sen dúbida ningunha, Rejtman foi o modelo máis oposto á ostentosamente barroca teatralidade do cine dos primeiros 90, á súa retórica discursiva de redundancia ideolóxica, moitas veces produto dunha versión decadente da produción industrial contaminada pola máis infortunada vea de cineastas educados na produción de publicidade. Desde a súa educación neoiorquina, non é difícil ver como un modelo de produción indie de directores estadounidenses, como o Jim Jarmusch ou o Hal Hartley de fins dos 80 e comezos dos 90, puido influír na creación do cine independente de Rejtman.

Das tradicións locais, porén, non hai que descoidar a importancia do cineclubismo riopratense, e a experiencia cinéfila local en Rejtman, porque é claro que hai influencias decisivas. Por exemplo, pódense ver pegadas en certa forma de distanciamento da posta en escena do primeiro R. W. Fassbinder, o de *Katzelmacher* (1968): por exemplo, na curtametraxe *Doli vuelve a casa*, que Rejtman filmou en 1984, mais que estivo inconclusa e inédita ata vinte anos despois. A radicalidade da ollada contemplativa dese primeiro Rejtman facíao totalmente estranxeiro (que é unha acepción da palabra "Katzelmacher") no cine arxentino dos 80. Así, antes que ninguén, Rejtman foi o pioneiro cinematográfico da pescuda estética emancipadora do cine arxentino dos 90."

Diego Trerotola, "Martín Rejtman: La estética del valor justo", *Historias extraordinarias. Nuevo cine argentino 1999-2008*. T&B Ediciones/Festival Internacional de Cine de Las Palmas de Gran Canaria, 2009.

Agradecementos: Martín Rejtman, Rosa Martínez Rivero/Ruda Cine (Buenos Aires), Víctor Iriarte e Lur Olaizola/Tabakalera (San Sebastián), Embajada de Argentina en España.

ALL MY LIFE: O CINE DE BRUCE BAILLIE

"A obra lírica e intensamente observacional de Bruce Baillie foxe de calquera xénero e explora en diferentes formatos as narrativas non tradicionais. O seu filme *Castro Street* (1966) foi seleccionado para ser preservado polo National Film Registry dos Estados Unidos en 1992. A influencia do seu traballo só pode cualificarse de indescritible no mundo do cine de vangarda, e o seu papel como membro fundador da distribuidora Canyon Cinema e a San Francisco Cinematheque fala da súa importancia á hora de pór en marcha espazos e estruturas de exhibición e distribución para os cineastas experimentais. Mais a dimensión non-ficcional da obra de Baillie non se destacou abondo: os aspectos documentais de obras mestras como *Castro Street* e *Quick Billy* (1970) son tan prominentes e esenciais como esa fusión que desenvolveu no decurso de toda a súa carreira entre o místico e o mundano, o cósmico e o persoal, a mitoloxía e a autobiografía. A escolma das películas de Baillie rende homenaxe ao corpus da súa obra, ao tempo que recoñece o seu legado como artista, mais tamén o seu excepcional traballo como distribuidor e impulsor dos cineastas de vangarda."

Garbiñe Ortega, comisaria do ciclo.

Agradecementos: Garbiñe Ortega, Canyon Cinema (San Francisco), L'Âge d'Or Festival (Brussels).

FKM 2016

O FKM, Festival de Cinema Fantástico da Coruña, na súa xa sétima edición, inaugura unha nova sección, Carne Crúa, destinada a dar apoio a proxectos audiovisuais galegos en proceso de realización ou financiamento. Os citados proxectos serán dados a coñecer por cadanseus autores. As homenaxes da sección Cine de Culto desta vez están centradas na Ciencia Ficción, con senllas homenaxes a H. G. Wells (1866-1945) e a Stanislaw Lem (1921-2006). O Concurso Internacional de Longametraxes, Ópera Prima destínase a autores novos que realicen a primeira longametraxe. Na sede do CGAI poderemos ver tres das cinco obras que optan a concurso, as dúas restantes serán proxectadas nos Cantones Cines. Haberá un xurado que outorgará un trofeo á Mellor Película e 3 galardóns: ao Mellor Guión, aos Efectos especiais e á Música orixinal. Así mesmo, a audiencia participará coas súas valoracións e outorgará o Premio do Público.

Como novidade, a sección Sen Límites presenta curtametraxes fóra de concurso que se proxectan antes de cada Ópera Prima. Por outra parte, o Concurso Internacional de Curtametraxes ofrece unha coidada escolla das mellores curtametraxes de cine fantástico, de terror e de ciencia ficción producidas na actualidade e que son estreas en Galicia. Por último, en colaboración co Mórbido Film Fest (México) habemos mostrar varias producións de cine mexicano, dentro e fóra de concurso.

Agradecementos: Prague National Film Archive (Tomas Zurek), Capricci Cine (Diana Santamaría), Park Circus Ltd. (Graham Fulton), Reel Suspects (Alberto Álvarez Aguilera), Mórbido Film Fest (Pablo Guisa Koestinger, Abraham Castillo e Lorena Pozos), Adrián García Bogliano, Salto de Fe Films (Andrea Quiroz), Laura Casabe, Ninja Films (Magalí Nieva), Luis G. Rosales, Guillermo Julián, Román Santiago Pidre, Pacay Kulturmedia (Eugenio Puerto) e Daniel Calles.

Programación Ourense

Biblioteca Pública Nodal
Concello, 11. Ourense
Máis info: http://cineclubepf.blogspot.com.es/

Setembro 19, 20.30 e 23h. *Off Galicia* **A SEARA** (Pepe Coira, 2016) 82'.
Setembro 26, 20.30 e 23 h. *Fóra de serie* **LAS MIL Y UNA NOCHES. VOL. 1: EL INQUIETO** (Miguel Gomes, 2015) 125'. Subt. Castelán.
Outubro 3, 20.30 e 23 h. *Fóra de serie* **LAS MIL Y UNA NOCHES. VOL. 2: EL DESCONSOLADO** (Miguel Gomes, 2015) 131'. Subt. Castelán.
Outubro 10, 20.30 e 23.00 h. *Fóra de serie* **LAS MIL Y UNA NOCHES. VOL. 3: EL EMBELESADO** (Miguel Gomes, 2015) 125'. Subt. Castelán.
Outubro 17, 20.30 e 23 h. *Off Galicia* **FAUSTINO 1936 / WALSED / FRANK** (Alberte Pagán, 2010-2015) 75'.
Outubro 24, 20.30 e 23 h. *Abderrahmane Sissako* **LA VIE SUR TERRE** (1998) 61'. Subt. Castelán.

BIBLIOTECA PÚBLICA NODAL · CINECLUBE PADRE FEIJOO

Programación Vigo

Auditorio Municipal
Praza do Rei. Vigo
Máis infor: www.lumierevigo.com

Setembro 13, 19.30 h. *Off Galicia* **A SEARA** (Pepe Coira, 2016) 82'.
Setembro 20, 19.30 h. *Abderrahmane Sissako* **LE JEU** (1988) **OCTOBRE** (1991) **SABRIYA** (1997) 80'. Subt. Castelán.
Setembro 27, 19.30 h. *Abderrahmane Sissako* **LA VIE SUR TERRE** (1998) 61'. Subt. Castelán.
Outubro 11, 19.30 h. *Abderrahmane Sissako* **HEREMAKONO (EN ATTENDANT LE BONHEUR)** (2002) 90'. Subt. Castelán.
Outubro 18, 19.30 h. *Abderrahmane Sissako* **BAMAKO** (2006) 118'. Subt. Castelán.
Outubro 25, 19.30 h. *Off Galicia* **FAUSTINO 1936 / WALSED / FRANK** (Alberte Pagán, 2010-2015) 75'.

CONCELLO DE VIGO · CINECLUBE LUMIÈRE VIGO

MARTES

setembro **13** 🕑 18.00 e 20.30h.
Fóra de serie
Todos queremos algo
Richard Linklater, 2016
117'. DCP. Subt. Castelán.

setembro **20** 🕑 18.00 e 20.30h.
Martín Rejtman
Rapado (1992)
+ **Doli vuelve a casa** (1986)
75'. 35mm./Vídeo HD.

setembro **27** 🕑 18.00 e 20.30h.
Contexto: El hijo de Saúl
El nome de los árboles
Ramón Lluís bande, 2015
104'. DCP.

outubro **04** 🕑 18.00 e 20.30h.
Contexto: El hijo de Saúl
La imagen perdida
Rithy Panh, 2013
92'. DCP. Subt. Castelán.

outubro **11** 🕑 18.00 e 20.30h.
Contexto
El hijo de Saúl
László Nemes, 2015
107'. 35mm. Subt. Castelán.



outubro **18** 🕑 20.30h.
Bruce Baillie (Programa 4)
Roslyn Romance (Is It Really True?) (Bruce Baillie, 1977)
The Machine of Eden (Stan Brakhage, 1970)
Castro Street (BB, 1966)
The Wonder Ring (SB, 1955)
Tung (BB,1966)
Stellar (SB, 1993)
Still Life (BB, 1966)
I... Dreaming (SB, 1988)
All My Life (BB, 1966)
68'. 16mm.

outubro **25** 🕑 18.00h.
FKM 2016
"Carne cruda"
Presentación *works in progress* de J. Camino, S. Lema, O. Ossorio, C. Pérez, O. Rabuñal.
100'. Entrada de balde.

🕑 20.30h.
FKM 2016
Lovemilla
Teemu Nikki, 2015
+ **Nuestra amiga la luna** (Velasco Broca, 2016)
105'. DCP. Subt. Castelán.
Entrada de balde.

MÉRCORES

setembro **14** 🕑 18.00 e 20.30h.
Fóra de serie
Las mil y una noches. Vol. 1: El inquieto
Miguel Gomes, 2015
125'. DCP. Subt. Castelán.

setembro **21** 🕑 18.00 e 20.30h.
Fóra de serie
Las mil y una noches. Vol. 2: El desconsolado
Miguel Gomes, 2015
131'. DCP. Subt. Castelán.

setembro **28** 🕑 18.00 e 20.30h.
Fóra de serie
Las mil y una noches. Vol. 3: El embelesado
Miguel Gomes, 2015
125'. DCP. Subt. Castelán.

outubro **05** 🕑 18.00 e 20.30h
Fóra de serie
La venganza de una mujer
Rita Azevedo Gomes, 2012
104'. DCP. Subt. Castelán.
Presentación.

outubro **19** 🕑 18.00h.
Curtocircuito: Sergei Loznitsa
Blockade (2005)
Northern Lights (2008)
104'. DCP. Subt. Castelán.

🕑 20.30h.
Curtocircuito: Sergei Loznitsa
Factory (2004)
The Event (2015)
104'. DCP. Subt. Castelán.

outubro **26** 🕑 18.00h.
FKM 2016
Redezvous
Guillermo Julián, Román Santiago Pidre, 2016
+ **Share o no Share** (Juán Hervella-Rego, 2016)
105'. DCP/Vídeo. Entrada de balde.

🕑 20.30h.
FKM 2016
Ikarie XB-1
Jindřich Polák , 1963
81' DCP. Subt. Castelán.
Entrada de balde.

XOVES

setembro **15** 🕑 20.30h.
Premios Mestre Mateo 2016
El desconocido
Dani de la Torre, 2015
102'. DCP. Presentación: Emma Lustres, produtora.
Entrada de balde.

setembro **22** 🕑 18.00 e 20.30h.
Martín Rejtman
Silvia Prieto (1999)
92'. 35mm.

setembro **29** 🕑 18.00 e 20.30h.
Martín Rejtman
Copacabana (2007)
Entrenamiento elemental para actores (Federico León, M. Rejtman, 2009)
118'. Vídeo HD.

outubro **06** 🕑 20.30h
Fóra de serie
Frágil como o mundo
Rita Azevedo Gomes, 2002
90'. 35mm. Subt. Galego*.
Presentación.
Copia cortesía de: cinemateca portuguesa MUSEU DO CINEMA

outubro **13** 🕑 20.30h.
Bruce Baillie (Programa 1)
Mr. Hayashi (1961)
Mass for the Dakota Sioux (1964)
Valentin de las Sierras (1967)
Here I Am (1962)
Little Girl (1966)
54'. 16mm. Presentación: Garbiñe Ortega, comisaria.
Entrada de balde.

outubro **20** 🕑 20.00h.
De portería a portería
Imaxes do RC Deportivo de La Coruña
Coloquio con: José Luis Castro de Paz, Rubén Ventureira, Tino Fernández, Pepe Domingo Castaño, José Manuel Sande, Guillermo Escrigas e Arsenio Iglesias.
Entrada de balde.

outubro **27** 🕑 18.00h.
FKM 2016
La valija de Benavidez
Laura Casabe, 2016
+ **Aciaga suicidius interruptus** (Marcos Fernández Eimil, 2015)
90'. DCP/Vídeo. Entrada de balde.

🕑 20.30h.
FKM 2016
Things to Come
William Cameron Menzies, 1936
100'. DCP. Subt. Castelán.
Entrada de balde.
Día Mundial do Patrimonio Cinematográfico

VENRES

setembro **16** 🕑 20.30h.
Premios Mestre Mateo 2016
Eco (Xacio Baño, 2015)
O terceiro porco (David Saborido, 2014)
Buscando a Superfama (Heredeiros da Crus) (Olga Osorio, 2015)
32'. DCP/Vídeo HD. Presentación. Entrada de balde.

setembro **23** 🕑 18.00 e 20.30h.
Martín Rejtman
Los guantes mágicos (2003)
90'. 35mm.

outubro **07** 🕑 20.30h.
Curtocircuito: Sergei Loznitsa
The Old Jewish Cemetery (2014)
O milagre de Santo Antonio (2012)
60'. DCP. Subt. Castelán

outubro **14** 🕑 18.00h.
Bruce Baillie (Programa 2)
Quixote (1965)
To Parsifal (1963)
61'. 16mm. Presentación: Garbiñe Ortega, comisaria.

🕑 20.30h.
Bruce Baillie (Programa 3)
Starlight (Robert Fulton, 1970)
Pastorale d'ete (Will Hindle, 1958)
Quick Billy (Bruce Baillie, 1971)
70'. 16mm. Presentación: Garbiñe Ortega, comisaria.

outubro **21** 🕑 20.30h.
De portería a portería
¡¡Campeones!!
Ramón Torrado, 1943
87'. Vídeo HD. Presentación.
Entrada de balde.

outubro **28** 🕑 18.00h.
FKM 2016
"Concurso Internacional de Curtametraxes"
Programa en www.freakemacine.org
Entrada de balde.

🕑 20.30h.
FKM 2016
"Concurso Internacional de Curtametraxes"
Programa en www.freakemacine.org
Entrada de balde.

SÁBADO

setembro **17** 🕑 18.00h.
Premios Mestre Mateo 2016
Os días afogados (César Souto e Luis Avilés Baquero, 2015)
86'. Vídeo HD.
+ Presentación do micropoemario *Auga a través*, de Dores Tembrás. Entrada de balde.

setembro **24** 🕑 18.00h.
Off Galicia
Fálame do silencio (Lois Blanco, 2015)
Acaricie a Poupette (Guillermo Arias-Carvajal Alonso, 2015)
30'. DCP. Presentación.
Entrada de balde.

outubro **01** 🕑 18.00h.
Off Galicia
Quim.com
Alberte Pagán, 2014
82'. Vídeo HD. Presentación: A. Pagán. Entrada de balde.

outubro **08** 🕑 18.00h.
CGAI Jr.
La historia interminable
Wolfgang Petersen, 1984
9'. DCP. Versión castelá.
Entrada de balde (+ 6 anos).

outubro **15** 🕑 18.00h.
Desencadres: Stan Brakhage
Interim (1952)
The Way to Shadow Garden (1954)
Desistfilm (1954)
Reflections on Black (1955)
In Between (1955)
Daybreak and White-eye (1957)
73'. 16mm. Entrada de balde.

outubro **22** 🕑 18.00h.
De portería a portería
El sistema Pelegrín
Ignacio F. Iquino, 1952
96'. Vídeo HD. Presentación.
Entrada de balde.

outubro **29** 🕑 18.00h.
FKM 2016
Scherzo Diabólico
Adrián García Bogliano, 2015
95'. Vídeo HD. Entrada de balde.

CGAI CENTRO GALEGO DE ARTES DA IMAXE
FILMOTECA DE GALICIA

Programación | 238 |
setembro outubro | 2016 |

Información xeral
Todos os filmes se proxectan en versión orixinal, agás indicación contraria.
A duración dos filmes é orientadora e aproximada.
Esta programación pódese ver alterada por razóns alleas á nosa vontade.
Unha vez comezada a sesión, non se permitirá a entrada á sala de proxeccións.
As sesións de capacidade limitada teñen reservado un número indeterminado de butacas. As sesións sinaladas con signos de exclamación ⓫ sofren modificacións respecto dos horarios habituais.

Prezo da entrada
- Xeral: 1'20 €
- Carné Xove: 0'60 €
- Abono para 10 sesións: 9 €
- As sesións de entrada gratuíta notificaranse no programa.

A venda de entradas iniciarase 15 minutos antes de comezaren as sesións (non se venden entradas anticipadamente).
Só se venderán un máximo de dúas entradas por persoa.

Sala de proxeccións
CGAI. Durán Loriga, 10 baixo. 15003 A Coruña

Tel.: 881 881 270
Fax: 881 881 271
E-mail: programacion.cgai@xunta.es

Subtitulado electrónico*
Subtitula'm S.L.

Información adicional
www.cgai.org

AGADIC Axencia Galega das Industrias Culturais
XUNTA DE GALICIA
galicia

Depósito legal: C 671-2001